# VENRES 26 DE MARZO DE 2020

## RELAXACIÓN

1. Sentamos diante da nena ou neno namentres falamos moi baixiño. Entre cada movemento establecemos uns momentos de silencio:
2. Dou a volta á miña casa. *Pasamos a man arredor da nosa cara.*
3. Pecho a porta da cociña. *Poñemos a man sobre a boca.*
4. Pecho a porta do comedor. *Colocamos a man encima do nariz.*
5. Pecho a porta do cuarto de baño. *Pasamos a man por encima de un ollo e cerrámolo.*
6. Pecho a porta do dormitorio. *Paso a man por encima do outro ollo e cerrámolo.*
7. Estou durmindo. *Poñemos unha man sobre a outra e descansamos a cabeza sobre elas. Dicímoslle que a cabeza pesa moito e que as poñan nas mans para descansar.*
8. Estou durmindo. *E cambiamos a cabeza de lado sobre as mans.*
9. Esperto, estírome e bocexo. *Estendemos os brazos o máis lonxe posible, primeiro xuntos e despois separados. Bocexamos forte, mesmo ruidosamente, para eliminar todas as tensións acumuladas.*

## XOGO DE SOMBRAS

1. **MATERIAIS:** un flexo, palillos longos, cartolinas ou folios, tesoiras, pegamento ou cinta adhesiva.
2. **PROCEDEMENTO**:

⇒ cada nena e neno debuxa nunha cartolina varias figuras: corazóns, estrelas, soles, nubes, lúas,... o que se vos ocurra;

⇒ recórtanas e péganas nos palillos;

⇒ atenuamos a luz da habitación na que estemos;

⇒ colocamos o flexo de forma que se proxecte a luz na parede;

⇒ colocamos as figuras diante da bombilla e experimentamos coas sombras que creamos;

⇒ podemos inventar pequenas historias para formar composicións entre varios.

# VENRES 26 DE MARZO DE 2020

## LÓXICA MATEMÁTICA

### ACTIVIDADE 1

1. **MATERIAIS:** números do 1 ao 9, escritos cada un nunha cartolina. Unha vez feitos recórtase cada cartolina en pezas que se asemellen ás dos puzles, de maneira que se poidan unir.
2. **PROCEDEMENTO:**

⇒ repártense os números en pezas soltas polo chan;

⇒ fórmase o puzle de cada número.

⇒ Canción números. https://www.youtube.com/watch?v=7YVbNY4rdDo&t=370s

### ACTIVIDADE 2

1. **MATERIAIS:** debuxos das figuras xeométicas en folios.
2. **PROCEDEMENTO:**

⇒ esténdense no chan;

⇒ nun folio debuxamos un circuíto sinalizando as figuras polas que teñen que pasar para chegar ao final.

# VENRES 26 DE MARZO DE 2020

## LECTOESCRITURA

**ACTIVIDADE 1**

1. Escollede dúas ou tres fotos dalgunha saída ou viaxe que fixérades coa familia.
2. Lembrade como foi a viaxe, que fixestes, anécdotas que ocorresen,...
3. Podedes escribir algunha desas aventuras e facer un debuxo do que máis vos gustase.

**ACTIVIDADE 2:**

1. Escolle dúas ou tres letras do abecedario.
2. Buscade obxectos pola casa que empecen ou teñan as letras que elixistes.

## TIC

Actividade proposta:

http://ntic.educacion.es/w3/eos/MaterialesEducativos/mem2009/pequetic/

CRA Ponte da Pedra